

# A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZON

Na Cruña ó mes, 40 cts.

Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adiantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 72

A CRUÑA 15 DE SAN MARCIÑO DE 1918

## OS TEMPOS SON CHEGADOS

### UN EXAMEN DE CONCENCIA

Irmáns: Axíña se publicará un manifesto das «Irmandades» que já agora coidábamos téremos espallado pola nosa Terra mas que por mor do aprazamento da Asambleia de Lugo debido ao *andacio grippal*, non ficará feito até que aquela trascendente Asambleia—sinalada para o próximo día 17 [día de gromal]—o formule, estude e dispoña.

Facemos estas liñas, que non son, endeben, singelamente, outra cousa que un berro d'alerta saído do fondo mesmo da nosa concencia, porque a política española pode percorrer en poucos minutos longos camiños que denantes ninguén concencia, baixo a influencia das graves e continas trasformacións mundiaes, e percisase, emporiso, o conquerimento urgente de posicións definidas, pois ben sabedes da virtude da oportunidade, e ben sabedes inda mais, que hai acougos que son crimes de lesa patria e de lesa humanidade.

O mundo entrou en ferverza de trasformacións febris e súpetas, moraes e materiaes, que ninguén sospeitara en ningures e que na *post-guerra* han resultar maiores. Sonou no reló da Historia o momento de que poidan seren libres e autónomos aqueles povos ibéricos que queiran sólo e mezezan sólo. E ¡ai da nosa Galicia se nista hora *única* esquece seus deberes e se deita a morrer, dispida d'arelas de conquerimento da personalidade de seu, con a preguiza das razas escravas e vontariamente soicidas!

Pensádeo ben. Namentras Cambó falaba, ha poucas datas no Congreso, da autonomía catalana, azeitaba o seu parolar elo-

cuentísimo á fórmula descentralizadora estudada na Asambleia de Palramentarios, e d'acordo con ela dicía que «cando a vontade manifesta dun núcleo pidira o recoñecemento como región e os exercicios distas facultades, que se lle concedesen; mas non impondo regións artificiaes *nen exigindo o desbotamento do xugo do poder central para os que non se sintiran preparados*». E neste mesmo senso, ben sabedes que o partido reformista, úns días despois, fixo declaración somellante. O que demonstra non haberá, endeben, autonomía mais que para os pobos que, por riba de todo, manifesten e teñan forza d'opinión para expresaren unha verdadeira vontade autonomista. E polos labios dos políticos e polas columnas dos jornaes, pasan samente—¡tristeiro sintoma!—os nomes de Cataluña e Euskadi, nestes momentos d'inquietude.

Ninguén en ningures se lembra da Galicia, polo muito que *nos queren*; e Galicia, nosa Galicia, a región mais definida da España e a de maior personalidade propia; que sintiu denantes que outra algunha a outa necesidade de conquerir o regionalismo integral; á que por boca de Brañas e Cabeza de León articulou antano un programa completo, con miudas diferencias igoal áo cubizado hogano por Cataluña e Euskadi; a triste irmá da Lusitania, que na Lusitania atopa un baluarte defensor dos seus valores naturais e da Lusitania agarda moito para ela e agarda moito para España, pois só unha grande Iberia poidera surdir, véndonos a nós éla autónomos e libres, ¡ha ficar agora resignada, escrava, mansiña, esvaída?

Decatémonos moito ben. Só nos ajudarán na hora que chegará perto, Cataluña e Euskadi, para que nos as ajudemos a elas, se sabemos facérmolos merecentes da sua ajuda. Minutos de perda no derradeiro plantejamento do noso sagro e vital problema, trocaráanse en lustros, senon en eternidade de vergoñosa escuridá ao márgem do que porán sua maldición justa, terrible, nosos fillos e os fillos dos nosos netos. O arco da vella da gran esperanza redentora escintilea no ceo azul e branco. Unha eterna responsabilidade ou un loureiro perene, virán sobre nós. Escollede: ou unha Galicia galega, gobernada por galegos para ben da humanidade, ou unha Ga-

*licia sen alma, corpo apodrecido, escravo do xugo d'amos alleos, indigna da dignidade, eterna colonia política e eterna colonia espiritoal d'outras razas que nos desprecian.*

Os tempos son chegados para a «nazon de Breogán»; son tempos contituentes; tempos de maturidade; son os albores dun mundo novo e d'unha nova idade. Nunca se vos ten chamado nen se chamará a ninguén endexamais para inmortalizar na historia o nome dunhas generacións, como se chama ás nosas agora.

¡Moiedade galega—a d'entrámbolos sexos, pois para as nosas mulleres también s'acerca a hora do conquerimento dos seus dereitos dos que tanto ten falado o gran Porteiro—agardamos que sejas a que leva na frente unha estrela. Agardamos que non te troques na moiedade de sapos consintidora de que a nosa terra fique ante o mundo novo como unha terra incapaz de sentir a liberdade—na hora santa e única da redenzón das terras asovalladas,—como unha terra sempre acochada en tutoria, arredada da vida civil, impotente para o seu surdimento, escrava dun caciquismo dono absoluto de vilas e aldeias.

¡Agora ou nunca! Por riba de todo, da vida e a morte, inda que caian lóstregos, como din Cabanillas e Castela, artistas cumes da raza, poñámonos en pe, ergámonos para pedir e exigir a autonomía.

¡A autonomía! Evos a soberanía regional crebadora da cadea que sai do Ministerio da Gobernación e de xefe en xefe político e de alcalde en alcalde vai agrilloando vilas e aldeias; evos a redenzón do labrego, a liberta da terra e dos homes que traballan a terra; a unificación espiritoal de Galicia obrigando ao noso capital a galeguizarse e ao noso traballo colonizado a trocárese en traballo propio; o estreitamento da irmandá con Portugal que economicamente forma connosco un só corpo,

#### CADRO BRANCO

*O municipio da Cruña, acordou en sesión, por maioría, pedir a autonomía integral para Galicia.*

*Polo que se ve, o municipio da Cruña é o único libre, dono de seu, onde os caciques centralistas non ordean e mandan, entre tódolos da Nosa Terra.*

#### CADRO MOURO

*Un jornal que se dá galeguista, serve d'orgo dun dos Césares betanceiros, cacicón de sempre, que desde un ano para acó, véndose sen mangoneio, fala contra os caciques, buscando nas augas revoltas a ganancia de pescador.*

*Ora o demo... kaiserianos.*

seccionado polos aranceles centralistas; a morte dos bárbaros aranceles proteccionistas de hoje, que matan a nosa economía totalmente; o nacemento d'unha cultura propia e d'un propio arte; o surdimento dunha mariña mercante galega con a imposición da gran política atlantista, que é nosa mais fonda misión histórica; o goberno do noso por nós mesmos; o acabamento dos gobernadores civís e das Diputacións provinciais, covas de ruralismo caciqueiro e noxento; a justiza galega, o ensino galego, e nunha verba, Galicia, con personalidade lumiosa de seu, colaborando na Historia universal.

Contra os galegos desleigados, labercos e míseres que non queiran isto ou s'opoñan a isto, hai que pechar en guerra a morte.

A. VILLAR PONTE.

## PENSAMENTOS

A memoria do insiane galego  
Lois Porteiro Gara

### I

Cales son os pobos q'hoje emergen a faz da historia? Os que tiñan creada a súa consciencia nacional. Hungría, Finlandia, Boemia ¡O día de mañá será tamén Irlanda e...tantos outros! O primeiro pra unha nazon sere libre é coñecer a súa propia esencia o seu propio ser; millor aínda, sentilo varuda e fundamente, ser consciente d'el. A única verdadeira política pra as razas oprimidas e o espertamento da súa alma!

### II

Lembremonos! De Navia pra acó falase galego, os que moran n'aquelas terras son galegos. E grande parte do Bierzo e tamén nosol A Galicia histórica e mas extensa qu'a Galicia actual!

### III

Hoje atravesamos por un d'os mais grandes momentos da historia do mundo. Non esquezamos o noso deber; cumpramos a nosa misión! A humanidade espera-a de nos!

### IV

Vede eiqui o que debe ser o noso programa inmediato::

1.º Autonomía integral pra Galicia (sustituindo as actuaes diputacios por un parlamento galego.

2.º Autonomía municipal (condicións as duás pra o que sigue).

3.º Leis sociaes (liberación d'os labregos, leis pra os obreiros e labregos, retiros da vellés, seguro contra o paro forzoso, enfermidade, etc.

4.º Reforma do insino (ampliación d'escolas, reforma do bachillerato, ampliación e renovación da Universidade, creación d'as escolas técnicas).

5.º Fomento da riqueza (protección á agricultura, aumento d'as industrias pesqueiras, fundazón de liñas mercantes e perfeccionamento dos portos, construción de ferrocarris pol-o menos o da costa e o de Santiago a Cruña, establecemento de privilegios aduaneiros no senso libra-cambista pra Galicia)

Esto é un esquema. Baixo os epígrafes anteditos debe dir toda unha ampliación que facerán os especialistas.

### V

Canto mais longe da terra mais galego son, mai sinto a miña raza! ¿Non foi en París, en Berlin e en Londres onde mais chorei a nosa decadencia? Era que alí sentía o que podíamos valer. Os nosos chamados cosmopolitas teñen que d'aprender a ollar para o mundo! Daquela farranse galeguistas.

### VI

Son hespañol ¡Mas, hespañol d'unha Hespaña grande e verdadeira que teña por suprema lei a liberdade, onde todas as modalidades e individualidades (nacións, cidades, individuos) poidan chegaren á súa maxima expansión!—Non d'unha Hespaña podre e decadente.—¡Eu entrevejo no horizonte o nascer da miña Hespañal

JOHAN VIQUEIRA.

Badajoz, 4. XI, 1618.

## FALEMOS DE NÓS

### O segundo aniversario DE A NOSA TERRA

Van dous anos de xornada gloriosa, trunfal. A NOSA TERRA impúxose definitivamente. E si ben é certo que os amargores das traizóns e as acometidas de encrucixada pertenderon entorpecer o seu marchar victorioso e decidido, non é menos certo que, de tales probas, A NOSA TERRA saíu mais forte, mais segura, mais dona de si mesma. E hoxe, ao votal-a ollada atrais fitando os dous anos de camiñar seguro e firme, todol-os que faguemos istas páxinas, escola viva de aceso e práctico patriotismo, non podemos menos de enchernos do lexítimo orgulo e da suprema satisfacción que dona o contemprramos como a firmeza nas convencións fixo o milagre de trocare en froles de victoria as treizoneiras espiñas

que, espíritos desleigados e cobizos, espallaron—¡malpocados!—pol-o noso camiño...

Faguer un resumen da nosa autuazón e algo que, pol-o momento, non pode interesarnos. Falen por nós os leutores. A ningún d'eles pode fuxírselle como A NOSA TERRA, autuando de verdadeiro bandeirín d'enganche, veu aportando, día trais día, novos elementos á causa común, á santa causa da redenzón galega. Como ela, refrexo das beneméritas Irmandades da Fala, e como elas única gran escola de patriotismo e de cidadanía qu'emerxeu n-ista terra, denantes toda mansedume e sufrimento, soupo alcender nas almas o lume inestinguible do nazionalismo salvador, onde a santa rebeldia que redime ten a súa iniciazón. E, derradeiramente, como istas pequenas páxinas enxebres remataron por convertirse na gran tribua dende a que, periódicamente, viñeron espallándose os xenerosos berros que despertaron a patria, poñendoa en trance d'abranguel o trunfo total.

¡Dous anos sementando galeguismo! E a fe que a colleita non foi mala. Hoxe mais que nunca A NOSA TERRA amóstrase orgullosa, puxante. A súa autuazón na que todo o ardente entusiasmo e o patriótico atruismo, d'unhas prumas xuveniles foi posto o servizo da patria, sin que a patria se mostrase remisa en responder o esforzo xeneroso sinón todo o contrario, ben dan dereito a ista lexítima, a ista nobre ledicia que hoxe nos enche. A fe obra milagres, dixo un apóstol; a ardente fe nosa xa os fixo; todol-os fitamos.

Mais no ceio azul do noso éisito unha nube moura, moi moura, entenebrece a súa limpidez sin lixo. A morte do irmán, do camarada, do mestre inequiescente que tantas veces alumeou istas columnas cós lostregueos poderosos do seu xenio, é a nube fatal. Mais pese á morte qu'o levou el fica con nós. N-istas pequenas páxinas, onde el tautos insiños ceibou, latexa de cote o seu espírito e d'elas endexamais fuxirá. A lembranza viva que d'el temos todol-os que nos honramos chamándonos amigos e discípulos seus, é a mellor garantía d-ista xuntanza que endexamais poderá romperse, e na que a súa memoria autuará de faro guiador dos derroteiros a seguir nas nosas loitas.

E agora, mais cheios de azos que nunca, a seguila xornada trunfal cara ó éisito, sin voltal-a faciana as beiras de camiño onde, impotente, espalla ó vento os seus ladridos toda a xauria de cobizosos, desleigados e mercaderes, ladridos qu'apaga o noso rexo e baril ¡Terra a nosa!

## UNA INTERESANTE CARTA

## As mañas do laberquismo rural no "Circo d'Artesanos"

Sr. Director de A NOSA TERRA.

Esta carta cicais fixera maior efecto nun xornal que nunha revista, lnda que a que vosté dirixe circula mais que algúns xornales cruñeses. Pro os xornaliños da Cruña non publican aquelas cousas d'intrés público que poidan perxudicar seus intréses privados. Quere dicir que non hai ningún orgo puro da opinión. Por iso buscamos acollida nestas columnas.

Limos os estatutos aprovados no Goberno civil do Instituto d'Estudios Gallegos do Circo d'Artesanos. E quedámonos parvos, abofé. Lnda mais ao pensarmos que é posible o que unha sociedade como a nomeada, da que son membros a maioría dos homes ilustrados da Cruña, consinta e acolla con fonda indiferencia, somellante laberquería de Picorete and company.

Porque limos a contas. O Instituto parez feito co'a intención de perpetuar un cacicato no Circo. E foi creado e establecido sin consentimiento da xunta xeneral, de costas a ela.

Ollese o artigo 2.º daqueles estatutos. "El Instituto elegirá, a perpetuidade un presidente y un secretario general...". Ollese tamén o artigo 4.º "Cada Sección elegirá su presidente y su secretario a perpetuidade".

¿Onde se viron maior atrevimento, audacia e descaro? Unha xunta directiva crea un organismo novo, con estatutos aprobados oficialmente e c'o establecemento de *cargos perpetuos*, sin consultar a sociedade...

Isto é un aldraxe para os socios, e si os socios o consintén, non terán dereito a falar nunca de democracia, cultura e liberdade, porque o espírito de cidadanía, nos povos civilizados, base de esterilizar en todo.

A actual xunta directiva do Circo, foi xa reelixida, coase por ela mesma, cando menos tres ou catro veces. Vai moi gustante no machito, que sirve de plataforma—¡xa ora!—pra algúns. Pro aquela xunta, por moita faciana dura que tivese, non podería *perpetuarse*. Algunha vez terá que deixar o sabroso mandíño. E esto lle sabe tan mal, resúltalles tan pouco doado aos picoretelros...

E pensaron, quizais: ¿maneira de constituirnos en oligarquía perpetua? Pois creando o Instituto e facendo *perpetuos* os *cárregos* de Presidente xeneral e segredario. Así xa nos ten sin cuidado deixar a directiva. Vexia a directiva que vexia, o Instituto, polo seu carácter, será sempre o chamado a organizar os autos culturais, veladas, conferencias e xantares subsiguientes; e dicir, todo o de resoanza

que se faga no Circo; todo o que da fama, amistades e proveitillo. C'o Instituto en funcións festexelras, os nomes do Presidente xeneral e o do segredario, estarán sempre en candeeiro. "Picorete e Sub Picorete por aquí, Picorete e Sub Picorete por alí...". E mentras as xuntas directivas novas roerán sollo o oso administrativo, anónimo e gris.

¿Non é boa a combinación, señores socios do Circo d'Artesanos? E isa picoretada non resulta un amaño caciquil tan ruralista como o da aldeia mais analfabeta? ¿Qué sociedade agraria, do campo, consistiría isa laberquería burda?

Craro que Picorete and company pasáronse de listos, sin contaren c'o tío Fuco, porque si un acordo tomado en xunta xeneral pode desvotalo outra xunta xeneral, un acordo de directiva, con moita maior razón e dereito. E virá esa xunta ao finar o ano, ou os socios do Circo teñen menos cultura e menos senso civil e democrático que os esquimaes. Sería o colmo da vergonza que a sociedade mais importante de Galicia, na capital de Galicia, que ten fachenda de liberal, tolerase vontarmente un cacicato perpétuo de perpétuos fachen-dosos.

Polo demais admiramos a sabidencia dos redactores dos Estatutos *ad perpetuam*. O artigo primeiro e modelo d'elegancia:... "tiene por misión investigar sobre todos los aspectos de la vida regional,—¡a caballo de los vayas!—"procurando el acrecentamiento de la cultura y del interés de los habitantes del país."

Un Instituto de Estudios gallegos, con selección de ciencias exactas e físico-químicas, supón que hai matemáticas galegas e física e química galegas. Quizais por esas matemáticas e por esa física e química, fixeron as contas e as leixes e combinacións do fenómeno da perpetuidade... Un Instituto d'Estudios Gallegos que non fai mención especial dos problemas agrarios nin alude pra nada ao agrarismo...

Temos cumprido noso deber facendo público pra que se decaten os socios do Circo, o absurdo que antecede. Polo bon nome da Cruña e dos cruñeses, que non caia no valdeiro a nosa carta.

Seus e moito obrigados,

Doce socios do Circo e irmáns da Fala.

P. S. Cando xa até Prusia democratizase, sería chocante que Picorete siguisse en Kaiser absoluto. ¡Agardará unha nota da Entente para abdicar? Quizais faga declaración sobre isto o canceller de ferro, Sr. Cueto, mol axiña.

## A XEITO DE PAROLA

## O idioma galego

## é de moito proveito

Son moitos os que, chamándose galeguistas—"tartufos", digo eu—ollan o problema do noso idioma coma cousa secundaria: pra eles, a lingua da Patria, e algo tradicional, sin proveito, nada mais que un apartamento do resto das xentes, pol-o eu son, imposto por un mal fundado sentimento. Tales parvadas, ouvidas de belzos de persos chamadas sabi-

das, consiguen darli'a miña ignorancia alas pra voar á mais outura, da qu'a eles l'e sinala a súa erudición; aclarándolles, en poucas liñas, algo qu'eles mesmos hanme d'agradecere.

Deixando a un lado a afinación, que co emprego da nosa lingua conquiere a persoalidade galega—pols isto mais ben e cousa do sentimento, e non en todol-os corazóns xermola—drei, qu'o idioma galego, ista lingua que, según os *eruditos* da miña terra, soio serve pra falar cos veciños dos ruelros—¡ouh, Eça e Rosalía!—é pal do portugués, tendo tanta semelanza co-el, que, de non sere certo xeito ortográfico empregado n'isa lingua ir-

mán, e que co tempo teremos que chegar a un acordo—por ise camifio van as Irmandades da fala—sería entelramente o mesmo. Pols ben, o galego-portugués fálanlo n'actualidade preto de trinta millós d'almas, e en un tempo non lonxano, cando o Brasil e as colonias portuguesas cheguen a poboarse do xeito qu'a riqueza dos seus chans require, entón, a lingua *bruta e despreceable de ruelro*, será o elemento d'elspresión de mais de dous centos millós d'habitantes. Ante isto, quero preguntar: ¿e todo lirismo o problema da nosa fala?

Ademais, sendo as Américas os países do futuro ¿non é lóxico qu'os idiomas que n'aquelas elstensas terras se falan—o inglés, o castelán e o galego-portugués—sexan tamén as linguas do porvir?

¿Quen son os que tratan d'arredarse do resto do mundo, nosco—os galeguistas—que falando o noso idioma conquermos entender-nos con portugueses e brasileiros, ou vosco—os desleigados—que por posier total-as vosas forzas na defensa do castelán, créndoo *supremo hacedor*, tedes que sere elstranos antre aquelas xentes, co-as que nosco, sin ningún sacrificio, faguemos entendernos?

¿Q' é falando o galego abandonamos o castelán? Non é certo: Os irmáns da fala traballamos pol-o reconecemento do idioma natural de Galicia; mais, non por iso, limos a prescindir d'unha lingua de tanta importancia coma o castelán; de faguelo, caeríamos no triste erro dos nosos enemigos. Co que ende-xa mais transixiremos é, que unha trabucada hexemonía impoña oficialmente en Galicia—país étnica e topograficamente diferente a Castela—unha fala nada e axeltada o meio-ambiente da sua meseta.

Pol-o demás, si e certo que os vosos corazóns arelan a Galicia redimida, dende logo xa ficamos concordes; mais, e tanto o que ten que berrar a Patria, que si l'arrincades a lingua e imposible que poida sere ouvida.

Resume: queremos ó galego por riba de todo, sin deixar de man ó castelán. Lástema, que co-a mesma facilidade que falamos o portugués e o castelán, poidéramos deprender o inglés, o francés e o alemán; entón, o problema que tanto lle deu que faguer a Zamenhof, ficaría resolto.

XOSÉ ARES MIRAMONTES.

Os nazonalistas afirmamos sempre a accidentalidade da forma de Governo. Sempre que calquer forma nos done a nosa liberdade.

O régimen actual parez querer afinar o maldito centralismo que esnaquizou as energías espanolas. Así demostrouno a derradeira vergoñosa crisis.

Pois se o régimen non reitifica axiña, nós declararemos en loita aberta contra o régimen.

A liberdade da Patria por riba de todo.

## DO NOSO FILOSOSO

## PROSAS GALEGUISTAS

Para "A Nosa Terra"

I

Sexa a primeira d'estas miñas prosas unha resposta á derradeira Verba d'un loitador que se foi, unha resposta á ánima vivente de Lois Porteiro, que vivente debe ser sempre entre nos, sen que caia xamais no non vivir do esquecemento eterno onde caen os outros que se van. E qu'os outros vanse y-o irense levan con eles pra terra todo o que foron e nada nos deixan, i-este deixounos seu pensamento, seu esforzo, seu eixemplo e por riba de todo, deixounos o door inmenso da súa perda que debe ser pra nos espolazo constante que nos leve sempre polo seu camiño... Lembrémonos d'él sempre, lembrémonos no pensamento, e no sentir e na acción facendo o qu'él faguía vivindo pra nosa terra y-adorando á terra...

Y-eu, novecentista, respondo ó seu desexo de que lle falaren de socialismo:—O socialismo noso, o socialismo dos homes do século XX, que era o socialismo teu, é un socialismo de paz. Compre facer a paz, non somentes nos campos de batalla; compre facer a paz dentro das cidades da Europa ínteira, compre facer a paz dentro dos países neutrales. O socialismo oitocentista fundábase na loita de crases; o noso opon ó principio da loita dos darwinistas retraxados ó principio de cooperación social, a axuda mútua proclamada por Kropotkine. O socialismo noso non quer loita, quer xusticia e sacrificio.

Y-eu, novecentista, respondo ó seu desexo de que lle falasen de sindicalismo:—O sindicalismo noso e a volta á vida corporativa da Edade Medea, e a volta ó privilegio non dos ús pr'esplotar ós outros, senón de se desenvolver cada un según a natureza do seu vivir, é de se gobernar cada organismo social por si mesmo, e a acomodación da xusticia á realidade social; e a garantía da maior liberdade posible a cada asociación y-a cada individuo.

Y-eu, novecentista, respondo ó seu desexo de que lle falaren da sociedade pra liberdade das nacións libres:—A España non pode entrar na sociedade das nacións sen transformar a súa vida, sen se facer unha España nova, libre, rica, integrada por nacións autónomas firmemente axuntadas pola súa vontade forte d'actuar no mundo futuro como un soio Estado moderno, democrático, c'unha civilización viva que sexa o desenvolvemento de todas as posibilidades hoxe asoballados polo centralismo astruto e fero, linglado feito pra viviren os caciques fartos e tranquilos e pra impedir o acceso do pobo á vida pública.

Y-eu, novecentista, respondo ó seu desexo de

que lle falaren do desarme xeneral:—Nos, os homes do século XX, non creeremos na civilización europea mentras os cañóns y-os fusis se non mostren como curiosidades nos Museos, antr'os machados de pedra y-o famoso cinturón de castidade que s'ademira no museo parisién de Cluny...

II

E si agora, nun movemento de cólera d'eses en que se dice:—Abonda xa! Jehová mandara á España ó Anxel Exterminador pra que botara do mundo ós Albas, y-ós Prietos, y-ós Romanones, y-ós Datos, y-ós Besadas y-a todos, e viñera un Goberno como Dios manda, y-ese Goberno concedera á nosa Galicia a autonomía integral pra se gobernar com'ela quixerá, nos ¿qu'íbamos a facer?

¿Iquí cumpría unha organización adeministrativa que xuntara tres requisitos:

O primeiro requisito, que fora democrático. Esto ven a decir dúas cousas: a maior participacéon do pobo nas funcións gobernativas—e pra esto compre o que non temos: aduación cidadana—e que adeministración se faga sempre no interés do pobo. O pobo somos nos todos, os d'enriba y-ós démbaixo; hay que telo en conta por qu'hai quen pensa que soillo son os d'embaixo.

E segundo requisito, que fora eficaz. Esto e que teña o que lle falla á actual adeministración centralista: a eficacia. A adeministración centralista non ten máis que pra pór empedimentos a todas as iniciativas diñas de louba.

O terceiro requisito, que fora de tal natureza que fixera imposible a inxerencia dos caciques e dos partidos políticos ¿e como nos íbamos a compor pra facela d'iste xeito? Discúrride, testas novís...

Da miña non hai quen tire a idea de qu'eiqui se non pode facer nada de proveito sen a previa disolución de todos os partidos políticos que teñen padricamento na España vella. Partidos con programa bitocentista pr'acoubar intreses persoales e que xa s'está vendo como mantefien a consiña de s'opoiar sistematicamente a toda idea nova, como fan súa bandeira e súa formula d'alianza da conservación do centralismo qu'eles chaman c'unha lembranza de vaciedade castelarina *integridade da patria*, por que non queiren de ningunha maneira nada que lles poida cheirar a partición da leira que veñen explotando d'end'a Restauración ou qu'agardan explotar despois d'unha Revolución feita ó seu xeito...

Por qu'esto non vai por estes nin por aqueles, vai por todos.

III

Unha estética pró noso arte... A libértá do futurista desenvolvendo a esencia do saudosismo... Saudade e a alma nosa. Saudosismo e pasatismo: vivir o que foi c'unha alma nova. Unha cousa así ven a ser o egofuturismo-moscovita, y-o egofuturismo e o futurismo natural ó individualismo noso.

Arte folklórico—lémbrese quen o houbera lido do que dixeran no meu *Preludio á toda estética futura*—o arte do pobo, non o arte pr'aducir ó pobo nas abstraccións e nos enganos convencionales. Espontaneismo de creazón, lirismo e mitoloxía da xente do pobo...

Hay que recoller o canto da terra... Temos que chegar á adoración da terra; á esaltación mística do amor á terra, non abstracta ou idealizada, senón á terra que s'apalpa e se ve...

Esta nova estética nosa e a mais vella, e n'esto está a súa novedá y-o seu futurismo: o mais antigo, e o mais tremendamente futuro... Imos tras do *eternal retorno*...

O artista é un home que se para no cabo do mundo; séntase, e ve pasar diante de si todas as imaxens do mundo, todos os fantasmas dos tempos. Ve a volta sen cabo de todos os homes e de todas as cousas. Sinte pasar polo seu curazón o río inmenso da vida y-a corrente espiral ou cíclica da historia... Leva sempre no bico unha pregunta pra cada un dos camifantes... ¿El será un home-esfinxe, ou un irmán que tend'a mau á cada un pola caridá da súa verba?

—¿Qué significan as enrugas dá tua fronte, irmán que pasas diante de min? Eu ben sei qu'o teu segredo e unha novedá que se mete no mundo contigo por primeira vez...

—Vou camiñando por antr'os símbolos crebados, desdubuxados xa nas pedras vellas pola acción do tempo. Quero recostruílo mundo. Vou petando nas sepulturas qu'atopo no camiño, e conxurándolas pra que s'ergan os ús y-ós outros, desexando velos esperar, deixando cair os sudarios y-as mortaxas qu'os empanan, crebando as faixas cheas d'iscripcións con conxuros máxicos qu'os deteñen presos y-envoltos... ¡Ver como s'animan as carnes pazizas e lívidas, e como s'espertan os osos, inda que fora perciso lavalos con sangue quente...

¡Cantas cousas ten dentro a terra, meu Dios! E com'un arca chea de reliquias, chea de tesouros...

¿E non serán eses os tesouros que temos que desenterrar?... O grimório que fala d'eles está nas nosas maus...

Ourense 2 Outubro 1918

VICENTE RISCO.

## JOSÉ ARES

Con a alma magoada pol-o sentimento, escribimos istas liñas. Elas teñen o objeto de decírelle ¡adeus! a un dos irmáns mais bó, mais generoso dos que formaban nas nosas filas.

José Ares, un dos entusiastas fundadores da «Irmadade» de Betanzos, un dos que mais teñ loitado polo conqwerimento da libértade de Galicia, vaise para Buenos Aires. Deberes familiares o levan aló. Aló cáis fique por moito tempo. Ogallá nos trabuquemos. Ogallá volte axiña para a patria. Estes son nosos mais fondos dese-

jos. Inda que sabemos ben que na Argentina, como onde queira ten de ser útil á santa causa.

Un aperta forte, cheia d'agarimo para José Ares. E que cando volte á Terra, que poida con inmensa ledicia dicir que já e «sua» Acó lembráremolosempre con moito amore.

No novo número daremos conta dos traballos recibidos para o certame literario de A NOSA TERRA e o nome dos señores que forman o jurado e que veñen lendo já os originaes.

## SOCIOLOGIA

## A TERRA

O monopolio da terra é a causa primeira da miseria e do crime. Tamén é o orixen da concentración de capitais en mans d'unhos poucos. Pol-as rendas, alquileres e trabucos de todas as crases, que perciben anual ou periodicamente baixo diferentes nomes; pol-o incremento de valor do qu'él soio s'aproveita anque é producto do traballo d'outros o resultado natural do progreso da poboación, o terratenente acumula capitais i-economías que deseguida invirte na ban-

ca, o comercio e a industria, baixo a forma de préstamos, hipotecas, obrigazóns e auccións, e outras veces en títulos da Débeda do Estado, a Provincia ou o Municipio.

A longa, crêase d'iste xeito un formidable feudalismo financeiro que pesa enormemente sobor do mundo do traballo e chega a sere asfixiante a medida que medra. Do privilexio territorial é de onde saíron as grandes fortunas que despois se fixeron instrumento d'asoballamento e d'eisprotazón. A concentrazón de capitaes é a consecuencia do acaparamento do chan. A renda do chan transfórmase en capitaes, beneficios dos que s'aproveitan soio unhos poucos. O propietario de terras faise rapidamente dono de todol-os capitaes que s'acumularon, primeiro aforrando renda e despois aforrando intreses.

Pra destruí-lo feudalismo financeiro hai que escomezare por destruí-lo feudalismo territorial, posto qu'iste é o pai d'aquel.

O home despojado de terra é un vasalo do qu'a posee; ten que cederlle unha parte do seu traballo, as veces a maior. O seu amo non lle deixa mais qu'o estrictamente preciso pra manterse vivo: todo o demais pasa ás maus de capitalistas e propietarios; o moderno proletario non é mais qu'unha forma da escravitude doméstica.

Despojar a un home da sua parte da terra, é como apropiarse a sua carne e o seu sangue, é convertilo en escravo.

Todos poden non estar d'acordo en canto ós meios de remedial-os males sociais; mais si o están sobor d'un punto fundamental: qu'a terra debe pertencer a todos; que non pode sere propiedade eisclusiva d'un privilexiado.

Ao lado da afirmazón de qu'a terra é propiedade común de todol-os humans, nada valen os progresos da industria ou das cenzas.

A custión da terra é a custión do traballo. Pra asegurare ó traballador a integra ganancia do seu traballo, hai que asegurarlle primeiro os seus dereitos a terra. Si a terra é propiedade d'unhos poucos, istos son os amos dos despojos.

Estamos perfectamente convencidos de que, ó tomal-a custión da terra como punto de partida das reformas sociais, resolvemos en principio total-as custións sociais. A custión da terra ríxeo todo.

Non-os é mester un mecanismo compriado pra alivial-o traballo; ó contrario: canto mais sinxelo sexa tanto mais eficaz será. O que necesitamos é un principio xeneral, universal, que governe todol-os casos particulares.

H. GEORGE.

## A LOITA

Siguindo as nunca esquecidas verbas de Lois Porteiro.

Vai tremar o crarin da liberdade:  
Erguerse bós labregos,  
e pra loita aprontade  
os fungueiros, as fouces y-os coitelos.  
Preparaibos prá loita derradeira  
xigante cal ningunha.  
Preparade a bandeira  
qu'ha d-erguerse ó carón da branca lúa.  
Basta xa de cobardes y-esquencidos.  
Os que sexan galegos  
que sallan decididos  
a loitar dunha vez contrôs alleos.  
Que rixan como queiran os d'afora  
o seus pátrios achegos,  
qu-ista terriña nosa  
hana de gobernar soyo galegos.

J. RODRIGUEZ DE VICENTE.

## ¡En nome de Xesús!

¿Fol d'home? ¿de muller?... No no adiviño  
mais por Deus, reprobada sempre sea  
a infelís ocurrencia, a torpe idea  
de prender, sin delito, a un paxarriño.

Xa ben vin n'unha xaula, murcha, absorta  
cert' aveciña pra quen o bosque é vida  
¿e sabedes qu'eu fixen de seguida?  
En nome de Xesús abrinlle a porta.

ANTONIO NORIEGA VARELA.

1918.

## A libertade para as nosas mulleres

A guerra trai a pos déla o reconecemento dos dereitos da muller.

Este reconecemento já é un feito na Inglaterra e noutras nazóns.

Os galeguistas que pidiron sempre aquelé reconecemento para as mulleres da sua Terra, hoje voltarán a traballaren para conquerilo.

Lois Porteiro, Peña Novo, Quintanilla e Villar Ponte en moitos dos mitís en que teñen falado, dixeron dirixíndose ás donas, néstes ou semellantes termos:

«Nós, en troque de verbaismos retóricos e valdeiros, vos saudamos mulleres galegas, dicíndovos que tedes dereito a que se reconozan vosos dereitos, pois noutras rexións da España serán o que sejan, mas na nosa a muller, sobre todo no campo, na costa e na mariña, coase que sempre adoitada ser verdadeiro cabeza de familia e verdadeiro traballador da terra, como o home. Polo mesmo, nada mais absurdo, nada menos igoalitario e menos razoobre que aquele feito que temos que desfacer de

presa. Mais dona de senso práctico a muller que o home, véndose ela en posesión de dereitos legais, en Galicia, facería cambiar a vida rural fundamente. Non pode seguir en pe, por moito tempo, semellante injustiza.»

No día 11 do mes 11 do 1918 ás once da mañán finou a guerra, a gran guerra, que ven trasformando o mundo. Aquela data e de jubilo imenso para a humanidade. Eya también para as nazionalidades naturaes asovalladas. Para a libertade colectiva e para a individual.

Saudemos a gran efemérides festejando a morte do imperialismo e do militarismo. No próximo numaro adicaremos espazo a este interesante tema.

## A NOSA FALA

Tod'o qu'ame a nosa terra  
sea rico ou sea probe  
debe ser galego enxebre  
sin vergoña de tal nome,  
cal foron Muñís, Hermiguez  
y Ansures n'os seus albores,  
e cal dimpois Alras Nufiez  
é Bernál é Payo Gomez  
y-outros cantores d'a fala  
aló dend'o sigro doce,  
que xamais s'avergoñaron  
de falar o noso idioma;  
e inda mais, houbo reyes,  
obispos, marqueses, condes,  
abades e bachilleres,  
é tod'a sorte de nobres  
que cantaron e trovaron  
n'o noso galego doce,  
dend'o terríño Macías  
hast'á Rula de Lestrove.

F. SALGADO E LÓPEZ QUIROGA.

## PROBLEMAS NOVOS

## O rexonalismo galego

O rexonalismo, crecente en España, é un problema serio. Nasceu en Cataluña, onde a necesidade da vida requeria novos camiños d'expansión, e tópanse con mais alí, n-a Euskadi e n-a Galicia, rexións d'un perxenio ético e psicolóxico mais definido. Contra d'él, alcumandó con supostas tendencias separatistas—sempre o sofisma pra engayolar parvos!—ergueuse a patrioteiría c-ó seu sólido clamoreo, botando máns dos vellos recursos, en nome d'unha Patria, cuio porvir nos inqueda mais que n-o que ás suas persoas poida referirse.

O rexonalismo non significa unha escisión da España política, do Estado espa-

ñol, com'a cabeza d'unha entidade xeográfica cujos destinos n-o conxunto rixe; significa: autonomía n-a vida das rexións hasta n-as mais baixas zonas municipais, unha xuntanza das enerxías homoxéneas, a ordenación d'esforzos, o desenrolo do xenio da raza n-as suas diversas manifestacións, a intensificación e orientación das eficiencias propias. Mais ben, pois, que unha ameaza á integridade do Estado, é o rexonalismo unha colaboración á sua maior vitalidade e desenrolo, porque xuntando en fecunda armonía as forzas qu'actúan espalladas multiplica a capacidade dos factores nazonales. O rexonalismo é patriótico, e os qu'en nome do patriotismo o combaten son os abúlicos, os tradicionalistas por atrofia e inopia críticas, os usufructuarios d'unha posición ideolóxica simplista, son os eternos polichinelas incapaces d'un movemento espiritual fora do taboado da farsa.

E con isto non queremos faguernos solidarios ideolóxicamente, da orientación dos outros rexionalismos españois, ó preconizar o galego.

Eunuciamos un rexonalismo, o noso, e a él nos atemos. O rexonalismo galego poide ser, n-o fondo, o de Baskonia ou o de Cataluña, e ter ademais n-o seu camiño a miúdo momentos de contacto. Mais idénticos endexamais poidan sel-o, xa que cada un, ó partir de diférentes ne-

cesidades n-o intensivo ou n-o extensivo, responde a peculiaridades e matices propios que á forza han de tér un desenrolo especial.

N-o fondo o problema rexonalista pide unha acción paralela; a teoría non poide ser diversa. Y-eisi en Cataluña, Baskonia ou Galicia as ideas teñen de ser o laboratorio d'ista palinxenesia trascendente, onde as forzas propias adiquiran unha virtualidade xermoladora e progresiva, tanto n-o orde intelectual e moral, como n-o material y-económico. O desenrolo e a afirmación dos valores autóctonos: velaí o problema que pranteado ó rente das autuales circunstancias trae implícita a urxencia d'unha prodéutica. En Cataluña a escola rexonalista, da que foi alma e verbo Prat de la Riba, aproveitou o concurso de total-as eficiencias indíxenas e adquiriu perfíles que non ten ningunha outra d'España.

Mais en Galicia faise inda perciso impulsal-a vountade rexonalista, xa que en estado latente existe. A idea como precedente a acción; a teoría como anterior práctica.

¿Eisiste en Galicia ista disposición ideolóxica, ista necesidade en forma sentimental ou emotiva? ¿Eisiste en Galicia, como en Cataluña, ond'está arraigada fondamente, esta pasión emocional? Pol-o d'agora somente d'un xeito vago, mais xa hay moitos elementos, por certo de valía, cuya

vanguardia forma a moceda—¡diviño tesouro!—n-os que a idea rexonalista ferve e latexa con contornos orgánicos e afirmase, loitando xa por espallarse n-o ambiente preñando o corazón do pobo.

O terreo pois, vai preparándose; a atmosfera galeguista cada vez faise mas densa; a idea rexonalista vai conquerindo novas parcelas. Sinteia, por de contado, unha mocidade chea d'arelas, e d'audaces arrestos, qu'é xa unha positiva esperanza, aqueles qu'en todas partes, onte n-a Hestoria, e mañán n-o porvir poñen os cimentos de todo progreso, e ós que debense as maiores e mais granadas victorias.

En Galicia enche o lirismo gran parte da sua vida e das suas loitas pol-a emancipación. Preto do lirismo a nota elexiaca enchéu as pautas do door, das cobizas e da saudade, cristalizando n-unha literatura tristeira—fraga d'amargura con oasis de resinación estoica—lacrimosa e chorenta, n-a que unha morbosa morriña pón ás veces, como en Rosalía de Castro, imprecacións airadas e rotundas, e outras, com'a en Curros Enriquez, apóstrofes restallantes. Aquelas bágoas trocáronse en acción e dinamismo e os airados anateinas son piqueta destructora e cerebro orgaizador.

E grande en verdade o labor de levar á concencia do pobo galego o sentimento rexonalista, e a fé n-os recursos da propia

## 5) FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»

### PROCESO DA CULTURA GALEGA

CONFERENCIA lida na noite do 24 de Febreiro de 1917 na Irmandade da Fala da Cruña, pol-o seu autor, noso irmán e mestre D. Florencio Vaamonde.

de estranas terras. e o mosteiro de Dumio era seminario ou viveiro de outros moesteiros e c'o de Samos, fundado pol-o metropolitano lucense Nitixis, eran os centros dende onde irradiaba a cencia eeresiástica de Galicia. Na escola de Dumio cultivaban o grego con predilección e Samartiño e o seu discípulo Parceiro falában-o muy ben, e mentramentes o pirmeiro traducía os cánones d'Ourense, o outro traducía sentencias dos Padres, e a serie d'homens notabres d'aquel tempo encomezando pol-o rey Miro—Mecenas coroado—de gran ilustración que mereceu que Samartiño de Dumelle dedicase a *Formula de vitae honestae*, non se arremataba, podendo agregar aos xa citados, Donado, Conancio que compoñía e poñía en música novos e notabres himnos sagrados; Xan, o gran reitor da escola de Dumio; os escritores Paterno, Witimir, Bonifacio, Baquiario, Anila e Mailoch; os poetas Vascario e Hermanfredo; e mais tarde, San Froitoso, poeta e fundador do monacato galego, Máximo, escritor e músico, e San Valerio, poeta e prosador elegante. Baldario o do máxico cincel, e Xusto, o músico obrigado dos xantares alegres Regramentábase o insiño, abríanse novos camiños

e vias e facíanse outras obras públicas. Non se descuidaba a hixiene e prohibíase o enterramento nas igresias. As costumes cambiaban coa nova relixion que era a absoluta no noso reino. A fincabilidade sufrira tamen notabres alteracións. Aparecen as grandes propiedades en poder de algunhos nobres suevos. O pai de San Froitoso, era un dos que tiñan numerosos rebaños e non peñenas facendas nos países lindantes c'o Miño. Visitándoseas, foi cando seu fillo se sentiu prendado da vida contemplativa. All, no medio d'aquelas agrestes e fermosísimas soledades foi onde se prometeu a sí mesmo seguirl-as trazas de Bicio e renovar na sua patria as maravillas de Sabiano e de Monte Casine. Na regra que escribiu para os seus monxes, o amor á Natureza está levado hasta os mais altos límites. Facíao traballar nos campos non desbonzados e compartir co'as explotacións agrícolas os traballos do espíritu e c'o eles a oracion. Nas mas d'estos solitarios concentrouse a propiedade, e d'ela, pol-o tanto derivou a que posuiron os nosos labradores. Pero chega nesto a invasion dos árabes e o corno da alarbea resoa en todol-os currunchos de Galicia. A espada sustituye á fouce; a lanza ao ligon, c'o fin de impedir ou deter a visita das bárbaras legios, quedando así o progreso estacionado, inda que non tanto como se cuida, pois se ben d'aquela época hay incerteza d'abondo, sábese, con todo, que os mouros foron ben presto botados da nosa terra; que nas inmediacións de Lugo e nas beiras do Miño facíanse prantacios de viñaredo; que moitas vias de comunicación, cuyos restos ainda ademira-

mos, cruzaban o país, e traían consigo a facilidade do tráfico; sabemos tamen que os manxares mais preciados nos banquetes dos manates eran a duplicia, hoxe chamada *callos*, e os cóngoros e salmós; que os gallegos facían soyo duas comidas que eran pol-a mañán o *amoso* e ás seis da tarde o verdadeiro xantar á que chamaban *cea*. Seguíanse fundando mosteiros e conventos, e cando un d'estos se remataba os veciños ou moradores mais cercanos acudían, un c'unha cerdeira, o outro c'unha maceira, outros con outras albres, e todos eles, con grande alegría, prantabanas no terreo que había de ser horta conventual, celebrando así unha festa da que hoxe é soyo un remedo a que está tan en moda c'o nome de festa d'albre. As terras eran traballadas, como dixer, pol-os monxes e pol-os rústicos ou servos, ben dos conventos, ben dos señores. Aparece a beneficosa institución do foro—do sigro nove ao des—que levaba consigo mutaría d'estado, mellorando a condición do servo e recibindo coesto a Agricultura, mayor desenvolvemento, e a condición social gallega un gran progreso, adiantándose ás nacións mais civilizadas. Os foros eran feitos por un prazo marcado; algús—muy raros—*ad perpetum*. D'aquí ven a excesiva subdivisión da propiedade que fai que o labrador gallego sea hoxe o mais independente do mundo. É o foro un medio fácil de adquirir, e compre no día o bello ideal de algús sociólogos que sosteñen que a terra debe de ser de quen a traballa, porque seguramente o 6) por 100 das fincas de Galicia topanse neste caso, e sendo esto así, e presonizán-

persoalidade, esmorecida ó longo de moitos tempos d'injusticias, d'asoballamentos, de cacicatos funestos, e da interpretación d'un cosmopolitismo «snobista» e hoco, sin contido ponderable, que nada deixou denpóis de desfacer os perfíles indixenas. Mais ista empresa hai qu'acometel-a. Sobre d'ela tén d'erguerse o moimento do rexonalismo galego, nado e fecundado n-os espíritus por unha pedagogía ideolóxica e cristalizada n-as mais vivas parcelas da existencia popular.

Iste camiño, drento das características propias, foi o que levou o rexonalismo catalán, forxando o actual ambiente d'endo de total-ás actividades espirituales, d'anda poesía e pintura, música e teatro, inxertando en tod'a a súa literatura un vivo sentimento de cidadanía. Por iso ven, denpóis, por añaadidura, o renacemento d'aquilo pobo—renacemento fundado n-a súa epopeya—con suas grandes industrias, con seu puxante comercio, con súa economía vigorosa e seu desenrolo integral. A vontade rexonalista fixo nacer a prosperidade

pública. E o ideal catalanista puxo o cuño do progreso n-a vida de toda Cataluña.

N-o caso de Galicia foron as Irmandades da Fala—viveiros da mocidade valente e intelectual—creadas nos principaes pobos, as que deron maior impulso, as que comenzaron con xenerosa vehemencia o actual movemento—o único sereamente orgaizado—drento d'un amplo idearium, removendo a lama das vellas chagas políticas por necesidade profiláctica, cuarteando os feudos, antes inespunables, do caciquismo, socializando o emprego do idioma; fronteando n-unha verba, en todol-os seus aspectos, o problema d'unha renovación trascendental.

ROBERTO BLANCO TORRES.

### Peneirando...

Que "apagaluces, lle chamou "manso, ao noso Porteiro, logo da morte deste?

Porteiro que polo seu propio merecemento, sen elixillo ninguén, foi no ánemo de todos o leader do nazonalismo galego, ¿"manso,?... ¿Manso, un rapaz chelo d'inequetudes que

se queimaba no seu propio lume cordial; manso, un home sin acougo espíritoal a quen os "apagaluces, intentaron corregrrenlle as suas fondas rebeldías escritas, logo de censuralas?

¿Manso, o que berraba contra os que admíten os detritus dos vellos partidos caciquis nas suas filas?

¿Manso o que non quería domearse a xugos estranos?

¿Manso, o que na súa derradeira carta pensa en salir da legalidade se un réjimen apodrecido non-os ofrece garantías para o trunfo da vontade do povo?

¿Manso, o que nun dos seus discursos dixó que as "Irmandades, tñían que sere sempre, até o día do trunfo, as que dñíran en Galicia?

¿Manso, o que falaba d'iste jeltó: "Val mais poucos e bós, que moitos e cativos, porque os poucos fortes saberán teren o valor supremo da soedade, e se se lles fai o silencio, no silencio resoarán millor os seus berros?"

Mansos na superficie e soberbos e egoistas no fondo, como o mar certos días, son eses apagaluces, fracasados sempre, que levan sobre d'eles a mala soma e a friaxe da morte en vida.

O estllo é o home. E Deus cría a algús, e eles se xuntan.

Tipográfica Obrera.—Socorro, 3

## HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada Prado

A CRUÑA

## FRÁBICA MECÁNICA

∴ DE CALZADO ∴

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

## GRAN FONDA Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

## Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

## Os viños e coñás millores

son os qu'elsporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouth más selecto

de mundial e reconocida sonda é o ZINZANO (Torino).

## O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

## Pra viños de mesa

non hai outros com ós dos cosechelros elsportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE ESCRUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2º piso.—A CRUÑA

Faise cárrego de todas cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Telef. 434

## Filios de A. Barceló (S. en C.)

### MÁLAGA

Cosecheiros, esportadores de vinhos seletos da España, oxén, ansados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

### ANÍS DOUS MONOS

### RON LA LUCÍE

### OXÉN SUPERFINO

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

## LA MODERNISTA

### GRAN SALÓN DE BARBEIRIA

— DE —

### RAMOSE ACEA

San Andrés 94, 1.º — A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, lociós e fricciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servizo permanente a cárgo dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

## NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIMACION REXIONAL

(2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse o autore, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo a metade do prezo sinalado.

## ¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, Sabaños e Ollos de galo

cúranse co

## Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez  
Repesentante: Manuel Sánchez - A Cruña

De venta n'as boas Boticas

## Obras portuguesas en portugués

As millores de Eça de Queiroz, de Guerra Junqueiro, de Eugenio de Castro, de Camoes  
Tamén as principais de autores galegos

Véndense n'a librería de P. CUÉ e C.ª

RUA REAL, 49. — A CRUÑA

## H. LA PALOMA

— DE —

### Ramón Morandeira

Este espléndido establecemento, situado no no máis céntricos da poboación, axeitado á altura dos millores da súa cras, conta con espazosas e alreadas habitazóns, boa e abundante mesa, un servizo puntual l'esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San. Antón, 20 — Santiago

## LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeltoso, e que lle coste pouco díñeiro, qu'ó faga na xastaría de

### Xosé Varela

CIRCO, 16 - BAIXO — VIGO

## MONTERO E COMPAÑÍA

Oficina téctica e almacén de venda:

Rúa de Emilio Castelar, 8

Depósitos:

Calle del Castillo, 12 — Lugo

Direitor:

D. FERNANDO M. DOIZTUA, *Inxeniera*

Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriaes

Estudo de toda clase de proyectos e construcións  
PRESUPUESTOS GRATIS

Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

## Consultorio Médico-Quirúrxico

### J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en general

ESPECIALIDADES

Piel, (incruso cáncer, lepra, lupus, e úlceras atónicas) — Peito, Estómago, Anemia

Reumatismo, Artritis deformantes

Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis

Electroterapia, Aeroterapia, Seroterapia, Análisis

RAYOS X

Gabinete l'isioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos e prezos a horas convencionaes

Non se fai asistencia aos fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquina a Picavía)

A CRUÑA

## VIÑOS FINOS


### RIOXA - MEDOC

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

### WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión



## COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directo desde o porto da Cruña

### LINEA DE HABANA A VERACRUS

Prezo en terceira á Habana.  
Veracrús

Ptas. 298 60  
313 60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do paxase e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

## D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarrxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.